



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Abril 2021


Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Abril 2021

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en abril de 2021 un ascenso do 76,4% con respecto a abril de 2020, mentres que a nivel nacional rexistrouse un crecemento do 50,3%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 79,7%, os bens de equipo aumentaron un 230,7% e os bens intermedios avanzaron un 65,2%. Pola súa parte a enerxía creceu un 15,4%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden á “fabricación de vehículos de motor” que achega 24,3 puntos, a “confección de roupa de vestir” que suma 10,4 puntos e a “fabricación de produtos metálicos”, que engade 5,3 puntos á taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas tan só unha rama, a “fabricación doutro material de transporte”, que resta 0,3 puntos á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Abril 2021



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de abril de 2021 rexistrou en Galicia un ascenso do 76,4% en taxa interanual, mellorando en 61,6 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (14,7%). En España, rexistrouse un aumento do 50,3%, mellorando en 34,8 puntos a taxa acadada no mes anterior (15,4%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 79,7%, o que engade 21,4 puntos.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 230,7%, o que achega 30,6 puntos.
- Os **bens intermedios** suben un 65,2%, cunha repercusión positiva de 19,8 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que aumenta un 15,4% sumando 4,5 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de marzo de 2021, por destino económico, os bens de consumo melloran 60,9 puntos, os bens de equipo melloran 204,6 puntos, os bens intermedios melloran 44,3 puntos e a enerxía mellora 20,5 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas máis destacables que presentan maiores achegas positivas á taxa interanual de marzo foron: a “fabricación de vehículos de motor” que achega 24,3 puntos, a “confección de roupa de vestir” que suma 10,4 puntos e a “fabricación de produtos metálicos”, que engade 5,3 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas (-0,3 puntos) tan só unha rama, a “fabricación doutro material de transporte”, que resta 0,3 puntos á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de abril moveuse entre o 20,5% de Murcia e o 79,3% de Navarra.


Ademais da devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Galicia (76,4%), País Vasco (61,9%), Asturias (60,6%), Comunitat Valenciana (59,9%), Castilla y León (58,6%), Aragón (57,8%) e Cataluña (55,5%).

IPI Abril 2021 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de producción industrial. Abril 2021

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	102,8	76,4	14,9	--	--
Bens de consumo	122,9	79,7	17,8	21,4	4,3
Bens de equipo	99,1	230,7	25,0	30,6	5,7
Bens intermedios	117,2	65,2	11,6	19,8	3,1
Enerxía	75,4	15,4	6,8	4,5	1,8
España					
Xeral	102,2	50,3	10,3	--	--
Bens de consumo	101,7	33,5	6,0	9,7	1,6
Bens de equipo	102,7	120,4	17,3	18,3	3,7
Bens intermedios	111,7	61,3	13,4	18,8	4,2
Enerxía	89,1	13,7	3,9	3,4	0,8

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Abril 2021

Ramas	VARIACIONES (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	76,4		14,9		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e	3.216,6	24,3	44,3	5,2	13,1
Confección de roupa de vestir	1.409,0	10,4	46,0	1,8	4,1
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	59,4	5,3	6,2	0,5	7,7
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cesteraría e espartaría	106,5	4,2	27,6	1,0	3,6
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	265,5	3,8	42,7	1,0	2,5
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	186,8	3,6	32,3	0,8	2,6
Industria da alimentación	15,3	3,5	3,2	0,5	13,2
Fabricación de bebidas	113,3	3,1	30,5	0,8	3,5
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	12,8	3,0	10,5	2,2	22,3
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	84,7	2,1	6,7	0,2	2,0
Fabricación de mobles	187,7	1,8	57,4	0,6	1,1
Outras industrias extractivas	199,5	1,5	31,1	0,3	1,1
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	36,8	1,3	-8,4	-0,3	4,1
Outras industrias manufactureiras	894,0	1,2	41,2	0,2	0,5
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	15,8	1,2	6,3	0,3	5,1
Fabricación de material e equipamento eléctrico	46,4	0,9	3,4	0,1	1,4
Industria téxtil	179,8	0,6	21,7	0,1	0,6
Industria química	24,6	0,5	-11,1	-0,2	1,5
Industria do papel	7,2	0,3	-6,9	-0,2	2,2
Fabricación doutro material de transporte	-13,5	-0,3	5,7	0,1	2,0
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Abril 2021

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
España	102,2	50,3	10,3
Galicia	102,8	76,4	14,9
Andalucía	90,3	30,7	3,3
Aragón	96,0	57,8	11,1
Asturias	105,8	60,6	11,2
Balears (Illes)	69,7	33,0	0,1
Canarias	85,3	21,9	-3,2
Cantabria	110,3	48,8	18,4
Castilla - La Mancha	96,6	34,7	5,6
Castilla y León	89,8	58,6	14,9
Cataluña	108,4	55,5	11,7
Comunitat Valenciana	104,9	59,9	13,0
Extremadura	85,6	20,6	3,4
Madrid	107,9	39,6	8,9
Murcia	117,6	20,5	2,6
Navarra	109,9	79,3	14,1
País Vasco	100,8	61,9	11,9
Rioja (La)	83,2	37,9	5,8

Fonte: INE